

GUILLERMO TELL (OBERTURA)



Lucía Alcalde Lorenzo

DATOS TÉCNICOS:

Título completo: Guillermo Tell (obertura)

Autor: Gioachino Rossini

Año de composición: 1829

Período musical: Romanticismo

Forma musical: Obertura de ópera

Funcionalidade: Disfrute da música

Versión escoitada: <https://www.youtube.com/watch?v=EnnU-ptbFEA>

GIOACHINO ANTONIO ROSSINI

Naceu nos Estados Pontificios (actual Italia) en 1792 e morreu en París en 1868. É conocido como Rossini. Foi un compositor italiano e a súa popularidade levouno a ter o “trono” italiano na estética do bel canto a principios do século XIX. Este xénero realza a beleza da liña melódica vocal sen descoidar os demais aspectos musicais.

Era fillo de Giuseppe, apodado “O vivaz”, que era cornista. Súa nai (Anna Guidarini) cantaba nos teatros locais. Rossini mostrou un gran xenio musical tocando nunha banda dende os seis anos e estudando música con seu pai. Aprendeu a tocar a espineta e tomou influencias de grandes compositores pasados na biblioteca de Giuseppe Malerbi.

En Bolonia tivo ao seu primeiro profesor Angelo Tesei e ingresou no prestixioso Liceo Musical. Con só 16 anos compuxo unha cantata pola que gañou un premio.


En 1810 foi chamado para compoñer unha ópera breve que lle dou moito éxito, polo que seguiu compoñendo (especialmente en Venecia e Milán), creando pezas moi coñecidas a maior parte, aínda que tamén algún fracaso. A súa séptima ópera conquistou A Scala con 53 funcións iniciais, aínda sen cumprir os 25 anos. Neses momentos, Rossini levou á perfección musical o xénero bufo. Xa na primeira etapa contou con grandes cantantes, nos que pensaba no momento de desenvolver a melodía dos seus personaxes. Algúns deles eran Marietta Marcolini, Filippo Galli e Paolo Rosich.






A Scala (Milán)

En 1815 foi contratado polo empresario Domenico Barbaia para compoñer en Nápoles nos Teatros que administraba el, o Teatro de San Carlos e o Teatro do Fondo. Alí compuxo óperas serias de moito valor para voces moi impoñentes da compañía, como Manuel García, Isabella Colbran (logo esposa de Rossini) ou Giovanni Rubini.



Giovanni Rubini




Isabella Colbran

Mentres tanto, Rossini tamén recorre Italia creando óperas de tódolos xéneros (serio, semibufo e bufo), de grande influencia posteriormente. Tamén representou as xa creadas, que tiñan melodías que se converteron en hitos inmediatos e seguen perdurando. Isto ocorre coa obertura de Guillermo Tell.


Tamén estreou, en 1816 no Teatro Arxentina de Roma unha das súas óperas máis famosas, O barbeiro de Sevilla.

Outras obras: O turco en Italia (1814), Otello, o moro de Venecia ou A dama do lago (1819).



Tamén estreou, en 1816 no Teatro Arxentina de Roma unha das súas óperas máis famosas, O barbeiro de Sevilla.

Outras obras: O turco en Italia (1814), Otello, o moro de Venecia ou A dama do lago (1819).



RESUMO DO ARGUMENTO DA OBRA:

Guillermo Tell era ballesteiro, famoso pola súa puntería, que viviu en Suiza entre finais do s.XIII e principios do s.XIV baixo o mandato da casa de Habsburgo.

Un día Guillermo Tell paseaba pola plaza do pueblo co seu fillo, e ao pasar por un sombreiro que representaba o poder dos Habsburgo rehusou inclinarse ante el. Entón, o gobernador Gessler detívoo. Este sabía que era un bo ballesteiro e que lle tiña cariño ao seu fillo, polo que o obrigou a disparar a ballesta contra unha mazá que estaba na cabeza do seu fillo a unha distancia de 80 pasos. Se acertaba podería ser liberado e se non, condenado a morte.

Colleu dúas frechas, disparou e acertou na mazá. Logo preguntáronlle porque collera dúas e explicoulles que se non acertaba, mataría ao gobernador con ela. Por esta resposta volveron detelo e encarcerárono no castelo de Küssnacht.

Durante a travesía desatouse unha tormenta nun lago, os guardiáns desataron a Guillermo Tell e el tomou o control do barco, levándoos sans e salvos a terra. Cando chegaron, Tell fuxiu para despois volver e sorprendelos cunha emboscada, matando a Gessler coa segunda frecha. Este feito marca o comezo da sublevación dos cantóns suízos pola súa independencia.



ANÁLISE MUSICAL:

Melodía: unicamente instrumental. O normal ao tratarse dunha obertura.

Ritmo: regular e moi ben marcado.

Textura: a maior parte da obertura trátase de melodía acompañada, aínda que en certos momentos hai homofonía.

Harmonía: a tonalidade cambia en moitos momentos. Está en mi menor, mi Maior e sol Maior.

Timbres: utilízanse moitos instrumentos de vento metal, como trompas e trompetas. Tamén instrumentos de cordas (violonchelos, contrabaixos), o corno inglés e a frauta.

Dinámica: o son varia entre o piano e forte. Ás veces, cambia bruscamente entre distintas partes da obertura, segundo tamén o que se queira transmitir.

Forma: obertura de ópera. Pode definirse como unha composición instrumental concibida como introdución dunha obra musical larga (neste caso, unha ópera).

ANÁLISE:

A obertura está articulada en catro movementos contrastados: lento (0:20), rápido (2:55), lento (5:40) e rápido (8:30):

1.Preludio: pasaxe lenta, comenzando con un pasaxe cinco violonchelos solos, el resto de los violonchelos y los contrabajos, en mi maior. O violonchelo é aquí o protagonista, interpretando unha melodía de gran beleza expresiva.

2.A Tormenta: unha sección dinámica interpretada por toda a orquesta, coa forza dos trombóns, en mi menor. A orquesta vai despertando misteriosamente ata culminar nun crescendo, que se pode asociar ao paisaxe sonoro dunha tormenta.

3.O Ranz des Vaches (ou chamada ás vacas leiteiras) trata o diálogo entre o corno inglés e a frauta. É unha parte en sol maior. Ten unha parte de exemplo didáctico para discriminar as diferenzas tímbricas entre ambos instrumentos.

4.O final é un galop (carga de cabalería) anunciada por trompas e trompetas, aínda que se interpreta tamén por toda a orquesta. Está parte está en mi maior. A coda da obertura é a parte máis coñecida e popular, e pódese definir como unha explosión de alegría con, en moitas partes, destellos rítmicos.

A OBERTURA:

Rossini compuxo unha gran obertura, que se converteu nunha das pezas de concerto máis interpretada de todas as épocas. Está articulada en varias partes e co seu esquema lento-rápido-lento acentúa a súa relación coa forma antiga. Tamén foi moi utilizada en diversas películas como “A laranxa mecánica” ou “The eagle shooting heroes”.



CONCLUSIÓN

-Si cumple a funcionalidade, xa que é unha peza para desfrute e ao mesmo tempo dá introdución a unha das lendas máis importantes e coñecidas.

-Fai sentir ao oínte unha sensación de aventura, mesturada con outra sensación que che indica que o mellor está por chegar, é dicir, a historia. Transmíteme unha sensación imperiosa.